

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CELEBRACIÓN DE CASAMENTOS CIVÍS

Artigo 1.º .-Natureza e fundamento.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, do 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, do 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da taxa pola prestación do servizo de celebración de casamentos civís no Concello de Vedra.

Artigo 2.º .-Feito imponible.

1.-Constituirá o feito imponible desta taxa o conxunto de actuacións relativas á celebración de casamentos civís no Concello de Vedra.

a) Organización do acto.

b) Utilización do salón de actos da Casa do Concello ou, extraordinariamente, calquera outra dependencia municipal.

c) Outras relacionadas coas anteriores.

2.-Non se inclúen nesta taxa:

- A tramitación do expediente gubernativo previo ó matrimonio civil


- A expedición posterior do libro de familia que corresponde ó xulgado.

- Adorno floral

- Música, coros e outros análogos.

Artigo 3.º .-Suxeito pasivos.

Serán suxeito pasivos, obrigado ó da taxa regulada nesta ordenanza, os beneficiarios do servizo, entendéndose por tales os contribuíntes, que quedan obrigados solidariamente.



Artigo 4.º .-Bonificacións.

a) O 40 por cento da cota cando alomenos un dos contraentes estea empadroado no Concello de Vedra, con tres meses de antelación a solicitude.

b) O 25 por cento da cota si o acto non se celebra nos inmobles pertencentes ó Concello de Vedra.

Artigo 5.º .-Cota.

Corresponderá aboar pola prestación do servizo regulado nesta ordenanza a tarifa fixa de 100 Euros por casamento.

Artigo 6.º .-Devengo e ingreso.

1.-A taxa devengarase no momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose por tal inicio a recepción da solicitude no Rexistro Xeral de Concello.

2.-Os solicitantes do servizo realizarán, simultaneamente coa solicitude, o ingreso na Recadación municipal do importe da taxa sinalado no artigo 5 desta ordenanza practicando a correspondente autoliquidación en impreso regulamentario que facilitará o Rexistro Xeral do Concello.

3.-No suposto de que, con posterioridade á presentación da solicitude e antes da fixación da data da cerimonia, os solicitantes desistisen do servizo solicitado, procederá a devolución de oficio do 75 por cento do importe sinalado no artigo 5 desta ordenanza.

Artigo 7.º .-Infraccións e sancións.

No relativo a infracción tributarias desta ordenanza así como a súa cualificación e as sanción procedentes estarase ó disposto na Lei xeral tributaria; Lei 1/98, de dereitos e garantías dos contribuíntes e restante normativa de aplicación.

Disposicións finais.

1.ª.-No non previsto nesta ordenanza fiscal será de aplicación a Lei xeral tributaria; Lei 1/98, de dereitos e garantías dos contribuíntes e restante normativa de aplicación.

2.ª.-Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial de Provincia, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

